



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Ámbito Científico e Educativo das Ciencias Sociais		Código	652604411
Titulación	10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es	
Profesorado	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es	
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/F57DK			
Descrición xeral	<p>Na presente materia abordarase o obxecto e procesos de coñecemento das Ciencias Sociais, principais escolas e diferentes perspectivas de análise na comprensión dos factos sociais.</p> <p>Os eixos fundamentais do coñecemento social: a interacción das sociedades co medio, a súa dimensión espacial e a súa configuración territorial e os procesos de cambio histórico das devanditas sociedades; así como a relixiosidade e o seu contexto ao longo do tempo. Para alén da Historia dos dereitos humanos, educación democrática e cidadanía e a funcionalidade educativa e social das Ciencias Sociais</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades iniciais - Análise de fontes documentais - Sesión maxistral - Aprendizaxe colaborativa - Traballos tutelados - Presentación oral - Discusión dirixida <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Non se realizarán cambios. A única modificación é que o traballo realizarase a través das ferramentas online: Moodle, Teams, Stream, Forms).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado a través dos foros.</p> <p>Teams: 1 sesión semanal ou mais segundo o demande o alumnado para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?, sempre no horario da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán cambios. A única modificación é que será de forma telemática. Os traballos serán entregados ou presentados a través das diferentes ferramentas informáticas (Teams, Moodle, Stream, Forms) e o alumnado realizará o traballo colaborativo de forma telemática.</p> <p>*Observacións de avaliación: Ao alumnado que non superara a avaliación continua, orientaráselle para a mellora daquela tarefa ou tarefas nas que non se acadara a máxima puntuación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	(CE-E1) Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A2	(CE-E2) Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas
A3	(CE-E3) Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A4	(CE-E4) Coñecer contextos e situacións nas que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A5	(CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A6	(CE-E6) Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A7	(CE-E7) Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A8	(CE-E8) Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas das e dos estudantes.
A9	(CE-E9) Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.



A10	(CE-E10) Coñecer estratexias e procedimentos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulamentación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A11	(CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A12	(CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade.
A13	(CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións.
A14	(CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A25	
B1	(CE-G1) Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
B2	(CE-G2) Comprender o desenvolvemento da personalidade de estes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.
B3	(CE-G3) Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecimentos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
B4	(CE-G4) Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
B5	(CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
B6	(CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
B8	(CE-G8) Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
B10	(CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
B14	(CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
C1	N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
C3	N.3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	N.6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	N.7. Asumir como profesional e cidadán/cidadá a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	N.8. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
		AP1	BP1 CP1
		AP2	BP2 CP3
		AP3	BP3 CP4
		AP4	BP4 CP6
		AP5	BP5 CP7
		AP6	BP6 CP8
		AP7	BP8
		AP8	BP10
		AP9	BP14
		AP10	
		AP11	
		AP12	
		AP13	
		AP14	
		AM1	



Contidos	
Temas	Subtemas
1) Obxecto e procesos de coñecemento nas Ciencias Sociais. 2) Principais escolas e diferentes perspectivas de análise na comprensión dos feitos sociais. 3) Eixos fundamentais do coñecemento social: -a interacción das sociedades co medio, -a dimensión espacial das sociedades, -a configuración territorial e os procesos de cambio histórico das devanditas sociedades.	1) Historia dos dereitos humanos, educación democrática e cidadanía. 2) Evolución do feito relixioso/espiritualidade e crenzas a través do tempo a partir do seu contexto. 3) Funcionalidade educativa e social das Ciencias Sociais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 A3 A10 A25 B6	1	5	6
Análise de fontes documentais	A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4	2	12	14
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B10 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8	5	13	18
Presentación oral	A9 A14 B8 C3 C1 C4	2	11	13
Sesión maxistral	A9 B1 B3 B4 B5 C4 C6	14	6	20
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C7	4	24	28
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Metodoloxía centrada en familiarizar ao alumnado co ámbito científico das Ciencias Sociais.
Análise de fontes documentais	Traballo con documentación, textos e artigos sobre o ámbito científico e educativo das Ciencias Sociais.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, consistirá na formulación e desenvolvemento dunha investigación ou innovación propia do ámbito científico das Ciencias Sociais.
Presentación oral	Como resultado do traballo tutelado presentarase na aula os obxectivos e resultados principais do mesmo.
Sesión maxistral	Mediante as sesións maxistras traballaranse os contidos que conforman o marco teórico-práctico a partir da exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas. Tendo en conta que esta materia se vai impartir seguindo un modelo híbrido, existe a posibilidade de que estas sesións maxistras sexan gravadas e postas a disposición do alumnado a través da Moodle da materia, dependendo do contexto sanitario provocado pola COVID-19.



Aprendizaxe colaborativa	Traballo en grupo de forma colaborativa coa axuda do profesor orientada fundamentalmente ao desenvolvemento do traballo tutelado.
--------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais	Os traballos terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A9 A14 B8 C3 C1 C4	Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.	20
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B10 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8	A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no espectro dos espazos culturais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.	40
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C7	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.	20
Análise de fontes documentais	A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4	Realización de análises e reflexións de diversa documentación	20

Observacións avaliación

Na avaliación terase en conta a actitude, interese, participación e dedicación á materia tanto na aula como fóra da mesma.
--

Fontes de información

Bibliografía básica	Bibliografía básica-García Pascual, F.; González Gallego, I.; López Facal, R.; Moradiellos, E.; Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Valls, R. (2011). Geografía e historia. Complementos de formación disciplinar. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 1. Barcelona: Editorial Graó-Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Santacana, J.; Souto, X.; Trepát, C. A. (2011). Didáctica de la geografía y la historia. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 2. Barcelona: Editorial Graó. -Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó.-García Pascual, F.; González Gallego, I.; López Facal, R.; Moradiellos, E.; Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Valls, R. (2011). Geografía e historia. Complementos de formación disciplinar. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 1. Barcelona: Editorial Graó-Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Santacana, J.; Souto, X.; Trepát, C. A. (2011). Didáctica de la geografía y la historia. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 2. Barcelona: Editorial Graó. -Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó.
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías